

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Raiolas Lugo (RAIOLAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Raiolas Lugo (RAIOLAS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Raiolas Lugo (RAIOLAS) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que RAIOLAS é unha entidade sen ánimo de lucro e de Utilidade Pública, que nace no ano 2000 co obxectivo principal de mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e da Comunicación Social e das súas familias, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Defender a dignidade e dereitos das persoas con TEA e/ou TCS.



- b) Apoiar ás familias para mellorar a calidade de vida destas persoas.
- c) Promover a integración e normalización das persoas con TEA e/ou Tcs na sociedade, co fin de que poidan desenvolverse coa máxima autonomía, así como a de promover actitudes sociais positivas para con estas persoas.
- d) Promover e xestionar programas, servizos, centros e actividades dirixidos a atender as necesidades das persoas con TEA e/ou TCS.
- e) Reivindicar a Organismos e Institucións Públicas a aprobación de lexislación e normas que garantan o establecemento de condicións sociais e económicas adecuadas para o cumprimento dos nosos fins.
- f) Reunir e difundir información especializada, realizar congresos, xornadas, conferencias, cursos... que permitan profundar nas necesidades das persoas con TEA e/ou TCS.
- g) Representar ós seus membros aí onde proceda.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

